




- ▶ Estas precaucións debes telas tanto nas páxinas web como en chats, no mail ou en redes sociais. Hai persoas que queren saber da túa vida para aproveitarse e facerte dano.
- ▶ Non esquezas que ti es o único dono dos teus datos e que tes dereito a controlar o uso que se faga deses datos. Se tes menos de 14 anos, son teus pais os únicos que poden autorizar o tratamento dos teus datos.



Valedor
doPobo
Galicia

Coa colaboración de:

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

Recomendacións aos menores para unha navegación segura por internet



Valedor
doPobo
Galicia

www.valedordopobo.com




- ▶ Internet é moi útil para aprender, informarse e xogar, pero tamén é perigoso porque contén enganos e mentiras. Por iso, debemos ter precaucións cando naveguemos.
- ▶ Dámosche agora algunhas ideas para que navegar sexa seguro, fíxate ben porque son importantes:



- ➔ O mellor é usar Internet acompañando por teus pais ou polos teus profesores.
- ➔ Non deas datos teus a ninguén descoñecido e non intercambies fotos nin información (nome, apelidos, dirección, teléfono). Mantén en segredo as túas claves e contrasinais!
- ➔ Tampouco deas datos da túa familia e amigos.
- ➔ Comparte información só cos amigos que coñezas de antes; e en redes e chats non invites a estraños.
- ➔ Se necesitas rexistrarte en algo, que o fagan por ti teus pais ou profesores; non uses o teu nome real, invéntate un nick.



- ➔ Descargar arquivos ou programas que non se coñecen é perigoso: existen programas espía que se instalan nos ordenadores para roubar o que hai neles e cometer delitos.



- ➔ Se abres un blog ou unha páxina persoal, que o saiban teus pais. Asegúrate que só poden entrar nela os amigos que previamente invitaches. Non publiques fotos de ninguén sen o seu permiso e o de seus pais.
- ➔ Pensa que en Internet non todo o mundo é quen di ser!
- ➔ Se notas algo estraño cando navegues ou tes dúbidas, dillo a teus pais ou profesores: eles preocúpanse por ti e queren axudarte.

